


Legionelose... que debemos saber?




A **legionelose** é unha **enfermidade pulmonar** causada pola bacteria *legionella*.




A bacteria produce a enfermidade **no caso de respirar aerosois** (pingas moi pequenas de auga con aire) que se producen sobre todo nas duchas.



A **temperatura da auga** na que medra a *legionella* é de **20°C-45°C**, a máis favorable son **37°C**.



A bacteria *legionella* **está presente de xeito natural nas augas** de ríos, lagos, encoros, pozos, depósitos, mananciais... dende aí pode chegar á auga das casas.




Non se transmite:

- De persoa a persoa sá ou enferma.
- Por beber auga.
- Por inxerir alimentos.
- Por animais.

Que podo facer no meu fogar... **para que non enfermemos?**



Realizar o **mantemento profesional** axeitado.



Cambiar todos os **elementos en mal estado** (oxidados, rotos...).




Desmontar e limpar con cepillo **os difusores** das duchas e das billas **unha vez ao ano**.




Sumerxilas en **1 litro de auga** con cando menos **10 pingas de lixivia** durante 30 minutos.




Utilizar **difusores de pinga grossa** (con buratos grandes).




Manter a temperatura do acumulador **por riba dos 60°C**.




Non apagar o **quentador da auga** no acumulador **pola noite**.



Abrir as billas de pouco uso **unha vez á semana**.



E **cando se ausente da casa** ao volver abra todas as billas.



Cando modifique a instalación **non deixar tubaxes** que **non teñan saída de auga** ou estea estancada.